


Benqueridas familias:

Mañá luns 21 de xuño acudiredes á escola para participar no acto de Graduación dos vosos fillos e fillas. É un momento importante para toda a Comunidade Educativa no que debemos tomar as máximas precaucións, debido á situación sanitaria.



Por tal motivo, **pregámosvos que teñades en conta estas suxestións:**

- Por cuestión de aforos, lembrámovos que **só poderán acudir os pais e os irmáns do alumnado de 5 anos A.**
- **As portas** do colexio **abriranse ás 17:15 horas** para facilitar a entrada progresiva de todos os convidados.
- Os membros de cada familia acudirán xuntos, evitando formar aglomeracións con outras familias.
- Cada familia terá un lugar asignado.
- O alumnado de 5 anos reunirse ordenadamente nos aros preparados pola mestra.
- Persoal do centro informaravos da localización da vosa familia, así como do xeito de acceder á dita localización.
- As familias permanecerán no seu emprazamento ata que remate o acto, intre en que se procederá á evacuación ordenada do pavillón cuberto.
- Igual que na entrada, **pedímosvos unha saída ordenada e sen aglomeracións.**

Moitas grazas pola vosa colaboración. Coa axuda de todos gozaremos dunha xornada fermosa.

O Equipo Directivo